



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero

**CONVOCATORIA:** Convocatoria Igualdade

**GRUPO:** Cursos Local

**ÁREA:** Igualdade e violencia de xénero

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	20
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	LOCAL	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2020
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 29/02/2020 - 08:00h ao 11/03/2020 - 23:55h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

- Ofrecer unha formación inicial en materia de violencia de xénero, de forma que o alumnado coñeza a terminoloxía básica que se utiliza ao falar da violencia de xénero, axudando a comprender que é, como se orixina e por que existe na sociedade actual.
  - Dotar de coñecementos básicos para poder identificar e distinguir no contorno máis inmediato, posibles situacións de violencia, fomentando a sensibilización e o espírito crítico arredor da violencia exercida contra as mulleres.
  - Tomar conciencia dos comportamentos cotiás machistas que constitúen, en moitas ocasións, un mal trato cara ás mulleres e que pasan "desapercibidas".
  - Realizar unha aproximación aos recursos dispoñibles e actuacións que se están levando a cabo nesta materia.
- O fin último é sensibilizar sobre o concepto e alcance da violencia exercida contra as mulleres e romper cos mitos que hai ao respecto cara a unha comprensión do problema.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

### PROGRAMA

MÓDULO 1: Contextualización e conceptos básicos: procesos de definición de roles de xénero. O reto de cambiar os patróns de xénero. A desigualdade como causa da violencia de xénero.

MÓDULO 2: Concepto e tipificación da violencia de xénero. Da invisibilidade ao recoñecemento como problema social. Normativa básica.

MÓDULO 3: A violencia de xénero: orixe, características e consecuencias nas vítimas (mulleres e fillos/fillas). Como se manifesta? primeiros indicios; escalada e ciclo da violencia de xénero. Falsas crenzas e estereotipos sobre a violencia de xénero.

MÓDULO 4: Actuación ante os casos de violencia de xénero: recursos dispoñibles e programas de atención.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

### 3. DATOS EDICIÓN

**T01**

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 26/10/2020 a 15/11/2020

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:** 18/11/2020 ás 16:30h

#### **DOCENTES NOMEADOS**

RETNOVA Proxectia Consulting

#### **LUGAR DE REALIZACIÓN**

EN LIÑA